

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno celebrado o día 30 de xullo de 2018, aprobou a modificación do acordo do 22 de febreiro de 2018 relativo á esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou castelá para a matrícula en estudos de grao e máster oficial, nos termos da documentación adxunta.


E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2018, co V^o e prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor



Antonio López Díaz





MODIFICACIÓN DO ACORDO DO 22 DE FEBREIRO DE 2018 RELATIVO Á ESIXENCIA DE NIVEL DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA OU CASTELÁ PARA A MATRÍCULA EN ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER OFICIAL

Por Acordo do Consello de Goberno do 22 de febreiro de 2018 establécese a esixencia de acreditar un nivel de coñecemento de lingua galega ou castelá para os alumnos estranxeiros de países con lingua oficial distinta do castelán para cursar estudos oficiais de grao e máster.

Debido á data de aprobación da norma e a que o requisito que se establece debe cumprirse antes de iniciar os estudos, estímase necesario o establecemento dun período transitorio durante o curso 2018/19 para que os alumnos que tivesen xa planificada a súa estadía na USC e non conten coa acreditación correspondente podan dispoñer de tempo suficiente para superar o nivel requirido. Durante dito período, a USC porá en marcha medidas que favorezan a superación do requisito e a celebración de probas cun número suficiente de prazas para abarcar toda a demanda de alumnos.

É por iso que, o Consello de Goberno na súa sesión do 30 de xullo de 2018,

ACORDA

ÚNICO.- Incluir unha disposición transitoria no Acordo do Consello de Goberno de 22 de febreiro de 2018, relativo á esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou castelá para a matrícula en estudos de grao e máster oficial, do seguinte tenor literal:

Disposición transitoria.- Queda en suspenso a aplicación deste acordo no curso académico 2018-2019.